



CONCELLO DE VIGO Patrimonio Histórico

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DOS MURAIIS DO TERCEIRO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA

1.- PRESTACIÓNS OBXECTO DO CONTRATO.

Execución do TERCEIRO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA que consiste en:

- tratar con pintura ou murais decorativos as medianeiras das edificacións, isto é aquelas superficies verticais que se sitúan sobre lindeiros da parcela que non reúnen a condición de aliñación oficial e son cegas, así como aqueles paramentos exteriores cegos visibles dende a vía pública, tanto de titularidade pública como privada.

- embelecer, decorar, tratar con expresións artísticas os espazos libres de titularidade pública co fin de mellorar a paisaxe urbana.

Tanto os artistas como os espazos nos que se vai actuar son determinados pola *“comisión técnica do III programa de tratamento de medianeiras, e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbá”*, nomeada pola Concelleira de Patrimonio Histórico segundo a base cuarta do TERCEIRO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA:

1.1.- ARTISTAS.

Os artista son contratados directamente polo Concello

1.2.- SUPERFICIES A TRATAR.

Son as seguintes:

Os espazos son os seguintes:

- 1.- BEIRAMAR, 129.
- 2.- CASA PATÍN BOUZAS: R/Eduardo Cabello 39A-43A, San Miguel 2-6 e Alfolies 10.
- 3.- CASTELAO, 16.
- 4.- CENTRO COMERCIAL COIA 3: rúa Lalín nº 1.
- 5.- COLEXIO NIÑO JESÚS DE PRAGA: rúa Rosalia de Castro nº 55.
- 6.- CORUÑA. 9
- 7.- DOCTOR CORBAL 21-23 (Uts TEIS)
- 8.- ESCALERA CAMELIAS-ROMIL:(entre os nº 47-49 da Avda de Camelias e os nº 58A e 60A da r/Romil).
- 9.- ESCALERAS TORRECEDEIRA-PI Y MARGALL:(entre os nº 21-23 da r/ Conde de Torrecedeira e os nº 40-42 da r/Pi y Margall.



- 10.- PAVILLÓN POLIDEPORTIVO BOUZAS:Eduardo Cabello s/n.
- 11.- PARQUE NAVIA: Teixugueiras entre nº 18 e 20.
- 12.- COMPLEXO DEPORTIVO TRAVESAS: rúa Cesareo González 2.
- 13.- MURO FLORIDA: nº 30-34.
- 14.- MURO IGLESIA FÁTIMA: VIA NORTE 19.
- 15.- TUNEL RÚA OURENSE (a la altura del nº 5).

A suma do custe estimado da actuación nestes espazos, está determinado en base ó proxecto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de 6 de abril de 2017, DE ACTUACIÓNS PREPARATORIAS ORIENTADAS AO DESENVOLVEMENTO DO 3º PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, REDACTADO POR BETHANIA SÁNCHEZ DE HAZ,

2.- EXECUCIÓN DOS TRABALLOS.

O prazo de execución dos traballos estímase en 45 días, aínda que as datas concretas serán determinadas polo Concello de Vigo, que sinalará os días nos que deben concentrarse os traballos dos artistas e nos que se deberán simultanear as intervencións de todos eles.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A XEFA DE PATRIMONIO HISTÓRICO

Asdo.: María Gómez Janeiro



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 08/05/2017 08:59	Páxina 2 de 2
Aprobado en Xunta de Goberno do 04/05/2017	Código de verificación: 24EA4-532BC-B3B38-EC2BA	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		